

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DO HÓRREO
O 9 DE MAIO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do antigo trazado da estrada provincial LU-P-2801 entre os pp. qq. 7+020 e 7+448, a prol do Concello de Riotorto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto de reorganización de centros docentes públicos en determinadas localidades.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de interese turístico de Galicia a Feira do Butelo da Fonsagrada, a Festa do Caldo Galego de Mourente e a Semana Santa de Santiago de Compostela.
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Federación Deportiva Galega de Piragüismo para levar a cabo as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro (Pontevedra), por un importe de cento cinco mil euros (105.000 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación para eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos á conta, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Industrias do futuro 4.0 (segunda convocatoria) orientado a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras dentro da iniciativa Industrias 4.0-captación de investimentos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN854A). Importe total: dezaoto millóns douscentos mil euros (18.200.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para adquirir compromisos de carácter plurianual, de acordo co establecido no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; e a aumentar as porcentaxes dos pagamentos anticipados, así como a exención da obriga de constituír garantías para a percepción destes, segundo se recolle nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; en relación coa Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para a posta en marcha de laboratorios cooperativos no rural, e se convocan para os anos 2018 e 2019. Importe total: cincocentos mil euros (500.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que deriva da orde de convocatoria de dez bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades para os anos 2018, 2019 e 2020, por un importe total de douscentos trinta e sete mil seiscentos euros (237.600 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) para impulsar programas de posicionamento e captación de proxectos europeos para o sistema universitario galego, por un importe total de dous millóns novecentos cincuenta mil oitocentos vinte e oito euros (2.950.828 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Laxe feita a título gratuito polo Concello de Laxe (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados e á conta en porcentaxe superior á recollida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018 e 2019. Importe total: oitocentos mil euros (800.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector forestal.

INFORMES

- Informe sobre a convocatoria extraordinaria de actividades de formación continua da EGAP 2018.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE RIORTORTO DO ANTIGO TRAZADO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-2801

- *A Deputación Provincial de Lugo solicita o cambio de titularidade do treito contiguo a unha vía municipal, que discorre entre as edificacións do núcleo de Augaxosa, para que o concello poida acometer a mellora do firme de ambos os treitos*
- *O cambio de titularidade tramítase conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta por proposta da consellería competente, tras o informe favorable dos organismos implicados*
- *Coa transferencia, o Concello será o responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello de Riotorto, na provincia de Lugo, o cambio de titularidade do antigo trazado da estrada provincial LU-P-2801, entre os pp.qq.7 + 020 e o pp.qq. 7 + 448.

O Concello de Riotorto solicitou á Deputación Provincial de Lugo o cambio de titularidade do tramo contiguo a unha vía municipal, que discorre entre as edificacións do núcleo de Augaxosa, para acometer a mellora do firme de ambos os treitos.

O organismo provincial de Lugo considera axeitada a actuación que vai a acometer o Concello de Riotorto, polo que emite informe favorable ao cambio de titularidade e solicita a transferencia desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

A transferencia a prol do Concello de Riotorto deste antigo treito provincial tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello de Riotorto terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. A entrega desta vía provincial ao concello lucense de Riotorto, formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA REORGANIZA A OFERTA EDUCATIVA EN SOUTOMAIOR COA APERTURA DO NOVO INSTITUTO EN SETEMBRO

- *Este IES de nova creación acollerá o alumnado de ESO procedente do CPI Manuel Padín Troiteiro, que pasa a ser Centro de Infantil e Primaria (CEIP)*
- *Tamén se aprobou a entrada en funcionamento do novo CEIP de Culleredo neste curso 2018/19*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, deu o visto e prace ao decreto de reorganización escolar nos concellos de Soutomaior (Pontevedra) e Culleredo (A Coruña), que vén determinado pola entrada en funcionamento de dous centros de nova construción -un IES no caso de Soutomaior e un CEIP no caso de Culleredo- neste vindeiro curso 2018/19.

No caso de Soutomaior a reorganización vén derivada da apertura en setembro do novo IES, no cal se escolarizará o alumnado de ESO do CPI Manuel Padín Truiteiro. Segundo establece o Decreto, o CPI transfórmase en CEIP (con ensinanzas de Infantil e Primaria), mentres que o novo IES de Soutomaior acollerá os estudantes da ESO e Bacharelato.

O traslado dos alumnado de secundaria ao centro de nova creación, no cal a Xunta investiu máis de 5,3 millóns de euros, permitirá dispoñer de máis espazo para actividades docentes, e tamén facilitará que o profesorado poida centrarse en proxectos educativos máis acordes coa tipoloxía do alumnado.

Así, o novo instituto -o primeiro co que vai contar esta localidade pontevedresa- contará con 480 prazas divididas en 12 unidades da ESO e 4 unidades de Bacharelato (nas modalidades de ciencias, e humanidades e ciencias sociais); mentres que o CEIP quedará con capacidade para 6 unidades de educación infantil e 12 de educación primaria.

No que respecta ao profesorado, o persoal docente do corpo de mestres adscrito a prazas de 1º e 2º de ESO e o profesorado de ensino secundario, que estea adscrito con carácter definitivo a postos de traballo docentes no CPI Manuel Padín Truiteiro pasará a adscribirse ao novo IES de Soutomaior, mantendo a antigüidade que posuía no centro de orixe.

Así mesmo, o decreto recolle a creación dun novo CEIP en Culleredo, que tamén abrirá as súas portas neste setembro. Neste caso trátase dunha infraestrutura cunha capacidade global de 450 alumnos distribuídos en 6 unidades de educación infantil e 12 unidades de educación primaria, na cal a Xunta de Galicia investiu arredor de 4,5 millóns de euros.

GALICIA SUMA XA 141 FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO TRAS APROBAR O CONSELLO DA XUNTA TRES NOVAS DISTINCIÓNS

- *A Feira do Butelo da Fonsagrada, a Festa do Caldo Galego de Mourente (Pontevedra) e a Semana Santa de Santiago de Compostela acadan este título polo seu valor cultural, arraigo e singularidade*
- *A Estratexia do turismo de Galicia 2020, consensuada entre a Xunta e o sector, traballa pola potenciación dos seus valores diferenciadores*
- *Turismo de Galicia destina este ano máis de 300.000 euros ao apoio, promoción e difusión das festas de interese turístico de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de tres novas festas de interese turístico de Galicia que acreditaron o seu valor cultural, arraigo e singularidade. Trátase da Feira do Butelo da Fonsagrada, en Lugo; da Festa do Caldo Galego de Mourente, en Pontevedra; e da Semana Santa de Santiago de Compostela. Co seu recoñecemento, Galicia conta xa con 141 festas de interese turístico. Delas, 120 son festas de interese turístico de Galicia, 12 de interese turístico nacional e 9 máis son de Interese Turístico Internacional.

De acordo co procedemento regulado a través do Decreto 4/2015, examinadas as solicitudes presentadas –polos concellos da Fonsagrada, polo Concello de Santiago de Compostela o pola asociación de veciños O Castro de Santa María de Mourente de Pontevedra– e emitidos os preceptivos informes, o Consello Galego de Turismo emitiu informe favorable ao respecto no mes de marzo.

A Semana Santa de Santiago de Compostela, coa súa orixe no século XVI, desenvólvese nun marco recoñecido pola Unesco como patrimonio mundial e meta dunha das peregrinacións relixiosas e dun dos movementos culturais máis importantes: o Camiño de Santiago. A celebración conta con 17 procesións, 13 confrarías e máis de 5.000 confrades implicados.

Pola súa banda, tanto a Feira do Butelo da Fonsagrada como a Festa do Caldo Galego de Mourente teñen un compoñente gastronómico, a segunda motivación pola cal os turistas elixen visitar Galicia. En ambas as citas, os protagonistas son produtos típicos e procesos de elaboración e conservación tradicional transmitidos por vía oral de xeración en xeración. Neste sentido, contribúen á difusión deste patrimonio e á posta en valor dos produtos agroalimentarios da Comunidade.

A Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folla de ruta consensuada entre a Xunta o sector, traballa pola potenciación dos valores diferenciadores da oferta turística da Comunidade, cun extenso acervo cultural. Neste sentido, mantense unha permanente

colaboración cos concellos e co resto de entidades locais que está a favorecer a diversificación desta actividade por todo o territorio galego.

Turismo de Galicia conta cunha liña de subvencións para o apoio, promoción e difusión das festas de interese turístico de Galicia de máis de 300.000 euros. Amais, esta declaración é un reforzo na promoción que o Goberno autonómico leva a cabo nas súas diversas accións en diferentes países e nas 40 feiras do sector turístico en que participa cada ano, moitas delas a nivel internacional.

As tres festas recoñecidas hoxe teñen lugar entre o inverno e as primeiras semanas da primavera, o que contribúe á desestacionalización da demanda, un dos obxectivos marcados na citada Estratexia do turismo de Galicia 2020.

Precisamente no primeiro trimestre deste ano, durante o que tiveron lugar estas tres festas, o número de turistas na Comunidade subiu un 7% ata superar os 636.000 e as súas noites medraron un 10%, ata preto das 1,2 millóns.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEGAPI PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DO COMPLEXO DE VERDUCIDO

- *Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2018, a Secretaría Xeral para o Deporte concederá á Federación unha subvención de 105.000 euros, a mesma cantidade consignada en 2017 e que representa un incremento do 5% con respecto ao orzamento destinado a este concepto no ano 2016 (100.000 euros)*
- *O 10 de agosto de 2017 a Secretaría Xeral para o Deporte asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Piragüismo polo que se lle outorgaba a concesión do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, por un período de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo (FEGAPI) para levar a cabo as actividades de mantemento e conservación do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, no Concello de Pontevedra, así como para os gastos de funcionamento destas instalacións pola cesión outorgada pola Secretaría Xeral para o Deporte á Federación de Piragüismo. Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ao longo de todo o ano 2018, a Secretaría Xeral para o Deporte concederá á Federación unha subvención de 105.000 euros, a mesma cantidade consignada en 2017 e que representa un incremento do 5% con respecto ao orzamento destinado a este concepto no ano 2016 (100.000 euros).

Deste xeito dáse cumprimento á competencia exclusiva da Comunidade Autónoma establecida no Estatuto de autonomía da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondendo á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. No exercicio desta competencia, a Xunta de Galicia proxectou e executou a obra de construción do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, co obxectivo de destinalo á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade do piragüismo. O complexo náutico debe ser xestionado de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de acertados programas técnico-deportivos que abrangan desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social.

Ademais da mellora da tecnificación e rendemento no piragüismo de Galicia, cómpre optimizar o centro para a consecución de melloras similares en todas aquelas modalidades deportivas que poidan beneficiarse do uso destas instalacións polas súas

características específicas e posibilidades que ofrecen. Deste xeito, o 10 de agosto de 2017 a Secretaría Xeral para o Deporte asinaba un convenio de colaboración coa Federación Galega de Piragüismo polo que se lle outorgaba a concesión do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, por un período de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos.

Ademais das funcións establecidas no convenio e que se cinguen ao mantemento, conservación e funcionamento do complexo deportivo, a Federación Galega de Piragüismo deberá velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes, así como cumprir o establecido na Lei 19/2007 do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte; colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da Lei 3/2012, do 2 de abril; posibilitar a participación inclusiva de todas as persoas deportistas independentemente da súa raza, inclinación sexual, ideoloxía, sexo, discapacidade, relixión e nivel de rendemento, con especial atención nas actuacións correspondentes ao programa de deporte en idade escolar; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de prevención e loita contra a dopaxe no deporte; velar polo cumprimento das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte; fomentar a posta en práctica de medidas encamiñadas á prevención de accidentes deportivos con especial atención á poboación en idade escolar; ou garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

A autorización deste convenio prodúcese 15 días despois da sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Piragüismo para a realización das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. Segundo este convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte concede á Federación Galega de Piragüismo unha subvención por un importe máximo de ata 266.824 euros para a realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva para a anualidade 2018. Deste xeito, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle neste 2018 un total de 371.824 euros.

GALICIA MOBILIZARÁ 70 M€ NA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA FÁBRICA INTELIXENTE, NO CAL SE PRESTARÁ ESPECIAL ATENCIÓN AOS RETOS DA INDUSTRIA 4.0 NAS PEQUENAS EMPRESAS

- *O Goberno galego pon en marcha esta nova convocatoria que, tras un proceso de diálogo aberto co tecido industrial, estará aberta durante todo o ano e favorecerá a participación de compañías de menor tamaño*
- *O obxectivo é atraer proxectos industriais e impulsar na Comunidade a Industria 4.0, fixar tecido empresarial e crear emprego de calidade, con intensidades de axuda que van desde o 15 ata o 80%*
- *A Xunta xa recibiu 12 manifestacións de interese de empresas de sectores estratéxicos da economía galega*
- *Entre as dúas edicións, mobilizaranse uns 240 M€ en proxectos innovadores que adaptarán as fábricas galegas á Industria 4.0, mellorando así a súa competitividade*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de informar hoxe no Consello da Xunta da posta en marcha da segunda edición do programa Fábrica Intelixente, incluído na iniciativa de Captación de Investimentos 4.0, co cal se mobilizarán 70 millóns de euros para afrontar os retos da dixitalización e facer da innovación a base do novo modelo industrial de Galicia.

As principais novidades desta segunda convocatoria, na cal a Xunta, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), investirá 18,2 millóns de euros para apoiar ao redor de entre 8 e 10 proxectos, inclúen a posibilidade de que as pequenas empresas se poidan presentar a este programa e o apoio a proxectos cun orzamento de entre 4 e 10M€ -no lugar dos 20 millóns da primeira convocatoria-. Por outra parte, ademais de proxectos de investigación e desenvolvemento experimental, apoiaranse proxectos de innovación, e manterase aberta a convocatoria durante todo o ano, adaptándoa así aos tempos das empresas e permitindo que ningún bo proxecto quede sen apoio.

O obxectivo é facer máis sinxelo o apoio público ás empresas e adaptarse ás necesidades dos sectores tractores galegos, mellorando o seu impacto na economía galega, logo dun proceso de diálogo aberto que se mantivo co tecido industrial.

Poderán beneficiarse desta liña de axudas, de concorrencia competitiva, proxectos individuais ou en cooperación entre empresas e organismos de investigación galegos. A intensidade dos apoios situarase entre o 15 e o 80% do orzamento segundo o tipo de proxecto e empresa, cunha maior incidencia nas pequenas empresas. Búscanse iniciativas con efecto de arrastre, que axuden a incentivar o tecido industrial galego e que se caractericen por un uso intensivo das tecnoloxías facilitadoras.

Polo momento, a Xunta xa recibiu 12 manifestacións de interese nesta segunda convocatoria de empresas galegas vinculadas a sectores estratéxicos da economía da Comunidade, como a automoción, o forestal, a agroalimentación, a pesca ou as telecomunicacións.

Entre as dúas convocatorias, a de 2016 e esta que se publicará nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), a Xunta espera mobilizar uns 240 millóns de euros en proxectos innovadores que adaptarán as fábricas galegas á Industria 4.0, mellorando así a súa competitividade e facendo de Galicia un territorio atractivo para o investimento privado en I+D+i, tal e como establece a Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) e o Plan Galicia Innova 2020. Contribuirá tamén de maneira decisiva a acadar os obxectivos principais establecidos na Axenda Industria 4.0, como a creación de novos postos de traballo cualificados e o aumento do peso da actividade industrial sobre o PIB galego. En definitiva, trátase de que Galicia se diferencie dos seus competidores ofrecendo I+D+i e non traballo *low cost*.

Na primeira edición, apoiáronse dous proxectos industriais innovadores: un no eido da automoción liderado por PSA Peugeot Citroën, coa colaboración do Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) -pendente de autorización polas autoridades de competencia da UE-; e outro no sector TIC a través do grupo tecnolóxico Televés.

Este programa é unha oportunidade para que as empresas que participan cos seus proxectos teñan un efecto de arrastre sobre o tecido industrial galego cara a unha competitividade baseada na innovación e que se caractericen por un uso intensivo das tecnoloxías facilitadoras para obter procesos e produtos de alto valor engadido. Só cunha rápida adopción destas tecnoloxías se poderá acadar un novo modelo industrial.

A XUNTA PON EN MARCHA O NOVO PROGRAMA LABORATORIOS COOPERATIVOS PARA IMPULSAR A ECONOMÍA SOCIAL NO RURAL

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé a través desta iniciativa o desenvolvemento de 15 novas cooperativas ou sociedades laborais*
- *Convocará, para iso, dúas liñas de axudas en que investirá 500.000 euros que serán compatibles e complementarias cos apoios de Aprod Economía Social, Aprod Rural e a Rede Eusumo*
- *Para activar os laboratorios cooperativos, o Goberno galego financiará con ata 45.000 euros aos concellos, mancomunidades, entidades de economía social e empresas para que identifiquen novas oportunidades de negocio, seleccionen desempregados interesados en emprender e leven a cabo un programa formativo*
- *A Administración autonómica, doutra banda, apoiará con ata 22.000 euros as cooperativas ou sociedades laborais que se constitúan nos laboratorios*
- *A iniciativa responde ao impulso que a Xunta está dando ao cooperativismo galego a través da Axenda 20 e forma parte do programa de Formación e emprendemento específico para o rural*

A Xunta convocará nas próximas semanas dúas liñas novas de axudas para poñer en marcha o programa *Laboratorios cooperativos no rural*, co que busca impulsar a creación de novas cooperativas ou sociedades laborais e, desta forma, darlle un pulo á economía social, un sector que conta con máis de 7000 entidades e 320.000 persoas e que contribúe a fixar poboación e crear riqueza no rural. Este ámbito representa o 10% do PIB en Galicia.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria prevé, a través desta iniciativa, que forma parte da Axenda 20 e na cal investirá 500.000 euros, o desenvolvemento de 15 laboratorios para a creación de 15 novas empresas ou sociedades laborais.

Para poñer en marcha os laboratorios, a Administración autonómica convocará axudas dirixidas aos concellos, mancomunidades de municipios e consorcios locais, asociacións de economía social, colectivos e fundacións que teñan entre os seus fins a promoción do cooperativismo, o emprendemento ou o desenvolvemento económico e empresas privadas para que leven a cabo un programa formativo específico nun concello rural.

Previamente, terán que identificar novas oportunidades de negocio na zona e seleccionar persoas desempregadas interesadas en emprender nesas actividades. Financiaranse as entidades promotoras con ata 15.000 euros por cada laboratorio cun máximo de 45.000 euros. Os apoios cubrirán ata o 80% dos gastos xerados da actividade formativa, de titorización e asesoramento e gastos de coordinación. Prevense anticipos de ata o 80% do total da axuda.

O Goberno galego, doutra banda, financiará con ata 22.000 euros por solicitude ás cooperativas ou sociedades laborais de nova creación constituídas no laboratorio. Estas axudas cubrirán o 80% dos gastos de constitución da empresa e de funcionamento durante o primeiro ano. Tamén se prevén anticipos de ata o 80%.

Os dous programas de axudas son compatibles e complementarios cos apoios do Aprol Economía Social, Aprol Rural e os de asesoramento da Rede Eusumo. Estas actuacións responden ao impulso que está dando o Goberno galego á economía social na Comunidade. Este ano destina para fomentar e promover iniciativas neste sector un total de 22 millóns de euros. O obxectivo último é apoiar a creación de emprego.

Situación actual

Galicia conta na data de hoxe con 1.323 cooperativas activas e 1.615 sociedades laborais. Nos primeiros catro meses do ano constituíronse 20 novas cooperativas (a metade que en todo o ano pasado) e 21 novas sociedades laborais.

Os laboratorios cooperativos, ademais, forman parte do programa de Formación e emprendemento específico para o rural que puxo en marcha o pasado ano a Xunta, dotado con 30 millóns de euros para beneficiar máis de 13.000 persoas.

Do que se trata é de mellorar a competitividade das empresas de economía social, seguir apostando polo emprego estable, de calidade e cualificado e impulsar o emprendemento en Galicia. O fomento da actividade empresarial é fundamental para a creación de riqueza e o sostemento do emprego.

O compromiso do Goberno galego coa economía social ten a súa máxima expresión na Lei de economía social aprobada hai dous anos (maio de 2016) e que ten contribuído a dar a relevancia que merece á economía social e impulsar o diálogo a través de novas canles de participación das entidades.

A XUNTA DARÁ CONTINUIDADE Á INVESTIGACIÓN NO RAMÓN PIÑEIRO COA CONVOCATORIA DE 10 NOVAS BOLSAS

▪ *Vai dirixida a mozos titulados na área de Filoloxía e Humanidades*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocará neste ano 10 novas bolsas de formación en proxectos de investigación desenvolvidos polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), segundo aprobou hoxe o Consello da Xunta, co fin de dar continuidade aos proxectos de investigación que se desenvolven neste centro. En total destinarase un orzamento de 237.600 euros a esta convocatoria, que facilita, ademais, a especialización na formación académica dos titulados universitario.

A través desta convocatoria, 10 bolseiros incorporaranse ao CRPIH para desenvolver os proxectos incluídos nesta convocatoria, nomeadamente o *Diccionario galego-italiano/ italiano-galego (GALITA)*; *Bibliografía da literatura galega*; *Fraseoloxía galega*; *Corpus de referencia do galego actual (CORGA/XIADA)*; *Cantigas de Santa María*; *Prosa literaria medieval*; *Terminoloxía científico-técnica (TERMIGAL)*; *Recursos para o desenvolvemento de tecnoloxías da fala*; *Base de datos do ALIR e Dicionarios de Literatura*. O obxectivo é avanzar no coñecemento, normalización e promoción do galego, así como no fomento do seu uso en todos os eidos profesionais, académicos e sociais.

As bolsas -cunha contía de 990 euros brutos mensuais durante tres anos- concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Para a selección dos bolseiros terase en conta o expediente académico e a realización de cursos, másters de investigación e diplomas de estudos avanzados (DEA) relacionados co obxecto das bolsas; as publicacións e as comunicacións en congresos.

Traxectoria do CRPIH

Unha faceta fundamental do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades é a súa contribución á formación investigadora. Nestes 25 anos, pasaron polo CRPIH 470 investigadores/as diferentes: 333 bolseiros/as galegos/as que se formaron participando nos proxectos do Piñeiro e outros/as 137 bolseiros/as dos máis diversos países do mundo que estiveron un semestre desenvolvendo traballos de investigación propios asesorados polos directores de proxectos semellantes aos seus do centro de investigación que hoxe cumpre dúas décadas. Moitos destes bolseiros son hoxe doutores, profesores universitarios ou docentes no ensino medio e, dende os seus postos actuais continúan a ofrecer importantes contribucións ao coñecemento sobre a lingua e a literatura galegas.

Actualmente, o Centro Ramón Piñeiro ten en marcha un total de 20 proxectos de investigación. Na área de lingua, avánzase no Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA), no Sintetizador de voz para o galego CoToVía, na Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA), no Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA) ou na liña de investigación de fraseoloxía galega.

Na área de literatura, hai proxectos orientados á literatura medieval, como o Arquivo Galicia Medieval, e outros dirixidos ao estudo da literatura galega contemporánea, como o de Bibliografía da literatura galega, o Dicionario xeral de termos literarios, os Informes de literatura, os proxectos de recuperación de narrativa, de poesía ou de revistas dos séculos XIX e XX ou os Cadernos Ramón Piñeiro. Ademais, prodúcense obras de filosofía, de socioloxía, de cine ou de ciencia política.

A XUNTA AMPLIARÁ O CONVENIO COA FEUGA PARA FORTALECER O POSICIONAMENTO DA I+D DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA A NIVEL EUROPEO

- *O acordo incorpora tres novas liñas de actuación, como a definición dun catálogo completo de profesións de futuro para Galicia ou a creación e implantación dun proceso para a detección e preavaliación de tecnoloxías do SUG*
- *Ademais, crearanse dous programas formativos para o desenvolvemento de competencias en xestión estratéxica de centros e unidades de investigación de excelencia, unha iniciativa pioneira en España*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) renovarán e ampliarán o convenio de colaboración que asinaron hai dous anos para impulsar programas de posicionamento e captación de proxectos europeos para o Sistema Universitario de Galicia (SUG) incorporando tres novas liñas de actuación. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura deste novo acordo no cal se incrementa o orzamento ata os 2,9 millóns de euros co obxecto de potenciar a calidade docente e investigadora das nosas universidades.

Neste sentido, ademais da dirixida ao posicionamento, promoción, divulgación e captación de proxectos europeos do SUG (2018-2020) para promover a participación e o posicionamento de grupos de investigación do SUG en proxectos europeos, o novo convenio incorpora outras tres liñas de actuación, de gran relevancia e alcance. Dúas delas correspóndense con actuacións incluídas dentro do decálogo de medidas do plan de excelencia universitaria aprobado recentemente polo Consello da Xunta.

Xestión de centros de excelencia

A primeira delas irá dirixida á creación de dous programas formativos, GESCI e GOSCI, de desenvolvemento de competencias en xestión estratéxica de centros e unidades de investigación de excelencia. Trátase de programas pioneiros en España, dos cales se celebrarán tres edicións ao abeiro deste acordo.

En concreto, GESCI (xestión estratéxica de centros e unidades de investigación de excelencia) terá como obxectivo potenciar as capacidades dos investigadores principais do SUG para que lideren as unidades e centros galegos de I+D sobre unha base de eficiencia, *accountability* e excelencia científica. O programa constará de seis módulos temáticos (posicionamento, estratexia, gobernación, financiamento, persoas, *management*) e dous *workshops* (avaliación científica e institucional e habilidades directivas).

Pola súa banda GOSCI (xestión operativa de centros e unidades de investigación de excelencia) terá como finalidade potenciar as capacidades dos xestores de unidades e

centros galegos de I+D para que colaboren coa dirección na definición e execución das accións establecidas nos seus plans operativos. O programa constará de seis módulos (posicionamento, estratexia, gobernación, financiamento, persoas, *management*), e catro *workshops* (avaliación de portfolio tecnolóxico, *Leanstartup* e emprendemento áxil, creatividade e *European Innovation Council*).

Preavaliación de tecnoloxías

Outra das accións incluídas no convenio vai dirixida á creación e implantación dun proceso para a detección e preavaliación de tecnoloxías procedentes do SUG cun elevado potencial de transferencia ao mercado.

A través desta acción búscase crear un proceso estándar no nivel rexional para a detección de tecnoloxías con potencial de transferencia, mellorar a comunicación e estandarizar procesos e metodoloxías entre as diferentes entidades xeradoras de coñecemento e priorizar accións de transferencia e pasos que seguir coas tecnoloxías detectadas mediante o proceso definido.

Profesións de futuro

Por último, o convenio establece unha acción dirixida a realizar un estudo de prospectiva de tendencias globais e sectores estratéxicos con impacto no emprego de Galicia, co obxectivo de desenvolver un catálogo completo de perfís profesionais de futuro. Esta liña entronca directamente co novo mapa de titulacións e especialidades universitarias para o SUG que a Consellería está a consensuar coas universidades, e que busca axustarse ás necesidades e esixencias da sociedade e do mercado galegos na vindeira década.

Balance

A colaboración coa Feuga neste eido iniciouse en 2016, detectando potencialidades nos grupos en Galicia e promocionando o SUG en Bruxelas, e buscando oportunidades cara aos proxectos do Horizonte2020.

A Feuga adheriuse neste tempo a 16 iniciativas a nivel europeo co obxectivo de posicionar os investigadores do SUG ante as convocatorias 2018-2020, facilitando a visibilidade das tres universidades e dos seus investigadores, así como contactos con socios clave.

A comparativa entre oportunidades en abril de 2018 respecto a 2017 é moi relevante. En abril de 2017 había en preparación, negociación ou avaliación 32 propostas; un ano despois elevábase a cifra ata 65, cunha mellora de propostas nas tres universidades.

En resumo, unha acción con resultados prometedores, que modifica a cultura individualista tradicional de presentación de proxectos, mellora a eficiencia do sistema,

acumula experiencias e contactos e que incrementará o seus resultados monetarios e inmateriais no presente ano.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE LAXE

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación do inmoble do centro de saúde de Laxe (A Coruña), feita polo concello a favor do Servizo Galego de Saúde.

O centro de saúde ten unha superficie total construída de 354 m² e os custos de mantemento para seis meses do ano 2017 foron estimados pola Xerencia de Xestión Integrada da Coruña en 13.960 euros.

O centro de saúde de Laxe é un dos centros de saúde do grupo de 25 centros de saúde dos cales o Sergas anunciou en 2017 a asunción dos seus custos de mantemento. Primeiro anunciouse a cesión dos centros de saúde de Laracha, Laxe, Présaras (Vilasantar), As Pontes, Mugardos, Folgoso do Courel, Meira, Xove, A Peroxa, Forcarei, Anafáns (Poio), Ribadumia, Mondariz, Chapela (Redondela), Boiro, Brión, Silleda e Touro. Posteriormente, ampliouse a cesión a outros sete centros de saúde máis, en concreto os de Carral, Cariño, Piñor de Cea, San Cibrao das Viñas, Xunqueira de Espadanedo, Boqueixón e Carnota. A transferencia destes centros ten un custo anual estimado de arredor 1,4 millóns de euros para a Xunta de Galicia.

Estes centros de saúde súmanse aos 49 centros cedidos xa á Comunidade Autónoma no eido do Pacto Local.

O proceso de asunción é, en todo caso, voluntario para os concellos, que previamente asinan uns convenios nos cales se establecen as bases da cooperación co Sergas para "a cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do seu mantemento". O Concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmoble e comprométese a asumir os gasto de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA DE GALICIA APROBA NOVAS AXUDAS PARA SEGUIR ESTENDENDO AS ESCOLAS INFANTÍS EN POLÍGONOS E PARQUES EMPRESARIAIS

- *A Administración autonómica concederá por terceiro ano axudas para a creación de ata catro novas escolas infantís de tres unidades e 41 prazas cada unha delas en contornas empresariais da comunidade*
- *A convocatoria subvencionará a realización do proxecto básico e de execución para a construción ou reforma dun inmovible destinado á creación da escola, o acondicionamento da parcela e o equipamento das instalacións*
- *A orde contará cun orzamento total de 800.000 de euros distribuído en dúas anualidades*
- *Ao abeiro das dúas convocatorias anteriores financiáronse escolas infantís no parque científico e tecnolóxico Río do Pozo (Narón), no polígono industrial da Tomada (A Proba do Caramiñal) e no polígono industrial de Mos, as dúas últimas en proceso de construción*
- *A Consellería de Política Social traballa no desenvolvemento dos mecanismos precisos para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, mellorando a oferta de recursos e servizos para que respondan ás necesidades dos pais e nais*

A Xunta de Galicia aprobou hoxe en Consello unha nova convocatoria de axudas para a creación de escolas infantís en polígonos industriais e parques empresariais que posibilitará o financiamento dun máximo de catro escolas que sumarán 164 novas prazas de atención a nenos e nenas de 0 a 3 anos. O obxectivo desta medida é seguir avanzando na corresponsabilidade da Administración galega e o tecido empresarial no desenvolvemento de medidas de conciliación.

Así pois, o Goberno galego dá continuidade a unha medida que permite ás familias dispoñer dun lugar para a atención dos seus fillos e fillas preto do seu posto de traballo, o que contribúe a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes, así como a mellorar a calidade de vida e de traballo das persoas. Este é o terceiro ano que se realiza unha convocatoria de axudas para poñer en marcha escolas infantís en contornos empresariais. Ao abeiro das dúas convocatorias anteriores financiáronse tres escolas situadas no parque científico e tecnolóxico Río do Pozo (Narón), no polígono industrial da Tomada (A Pobra do Caramiñal) e no polígono industrial de Mos, as dúas últimas en proceso de construción.

Esta nova convocatoria conta cun orzamento total de 800.000 euros distribuído en dúas anualidades, dos cales corresponden 200.000 euros ao presente exercicio de 2018 e 600.000 euros ao vindeiro de 2019. Estes importes están cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. A previsión é que a convocatoria se recolla no *Diario Oficial de*

Galicia (DOG) na segunda quincena deste mes de maio e o prazo de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da devandita publicación.

Igual que nas anteriores edicións, ao abeiro desta orde, poderán ser beneficiarias as asociacións empresariais ou entidades representantes dun parque empresarial ou polígono industrial que desenvolvan a súa actividade en Galicia e que dispoñan dunha parcela de terreo apta para o establecemento dunha escola infantil nun polígono, parque empresarial ou nas súas inmediacións. Así mesmo, deberán achegar un estudo que reflicta que existe un mínimo de 50 nenos e nenas menores de tres anos potenciais usuarios da escola e un plan de viabilidade que permita a posta en funcionamento e o mantemento do centro durante un mínimo de cinco anos.

A convocatoria subvencionará a realización do proxecto básico e de execución para a construción ou reforma dun inmovible destinado á creación da escola, o acondicionamento da parcela e o equipamento das instalacións que inclúe o material didáctico e de xogo. As axudas consistirán nunha subvención de ata o 100% do custo total do investimento realizado, cun límite máximo global por escola e entidade beneficiaria de 200.000 euros.

Con este crédito poderán obter financiamento ata catro novas escolas, que constarán dun mínimo de tres unidades e 41 prazas. Todas elas estarán separadas da actividade industrial, preferentemente nunha zona axardinada que protexa o edificio das condicións exteriores e contarán coas medidas correctoras precisas de protección contra o tráfico, o ruído, a contaminación e outras actividades molestas ou prexudiciais.

Máis medidas de conciliación

A Consellería de Política Social traballa no desenvolvemento dos mecanismos precisos para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade na vida familiar e laboral mellorando a oferta de recursos e servizos para que respondan ás necesidades dos pais e nais e ao mesmo tempo contribúan ao desenvolvemento afectivo, psicolóxico e físico das e dos menores.

Nesta liña, a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais constitúe un recurso máis que a Administración autonómica pon á disposición das familias para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral.

Este recurso complementa outras medidas que está a impulsar a Xunta como son a ampliación da rede de prazas en escolas infantís públicas ou financiadas con recursos públicos que no curso 2018-19 superará as 24.000, o que sitúa a ratio de atención por riba do 41% (oito puntos máis que a media aconsellada pola Unión Europea); o

programa Bono Concilia, dotado para o vindeiro ano escolar con máis de 3,4 millóns de euros e coa previsión de beneficiar máis de 3.700 familias; ou a posta en marcha de casas niño no rural. Ao abeiro das dúas convocatorias realizadas financiáronse 41 recursos deste tipo e apoiárase a entrada en servizo doutras 15 novas ao abeiro da nova convocatoria que se publicará proximamente.

A XUNTA COMPLETA CUN DECRETO ESPECÍFICO A SIMPLIFICACIÓN DAS CORTAS DE MADEIRA E DOS APROVEITAMENTOS FORESTAIS

- *O Goberno galego autorizou na súa reunión de hoxe o inicio da tramitación desta norma, que facilitará e axilizará de xeito significativo estes procedementos*
- *A declaración responsable dos titulares dos montes converterase no réxime de intervención administrativa principal, sen diminuír a súa protección ambiental*
- *Avánzase na presentación telemática, que permitirá acurtar os tempos posibilitando facer este trámite dunha soa vez, e na creación dun xanela única, centralizada na Consellería do Medio Rural*

O Goberno galego autorizou hoxe o inicio da tramitación do decreto que regula os aproveitamentos madeireiros e leñosos (cortas), de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes e terreos forestais de xestión privada. Esta norma tamén determinará o contido, organización e funcionamento do rexistro de empresas do sector forestal.

Complétase así a regulación da simplificación administrativa das cortas de madeira e dos aproveitamentos forestais que comezou coa Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia. O decreto desenvolve de maneira completa e detallada o réxime de autorizacións e de declaracións responsables da devandita lei, de forma que se axiliza e aclara todo o procedemento para realizar os aproveitamentos.

Mediante esta norma consolídase a declaración responsable como réxime de intervención administrativa principal, sen que isto supoña unha diminución da protección e preservación dos valores naturais, paisaxísticos e culturais do monte galego. Ademais, avánzase na presentación telemática, que permitirá acurtar os tempos posibilitando facer este trámite dunha soa vez, mentres que antes había órganos sectoriais que non ofrecían esta posibilidade.

Neste sentido, desde o pasado día 26 de abril está operativa unha aplicación informática que permite a presentación electrónica tanto da declaración responsable como da autorización única de cortas, a través da sede electrónica da Xunta. Nela, inclúese unha plataforma de información xeorreferenciada ou visor de cortas que vai permitir que con só introducir a referencia catastral do terreo onde se quere cortar madeira se visualicen todas as proteccións administrativas que o afectan.

Xanela única

Avánzase, así mesmo, na creación dun xanela único, de forma que todas as solicitudes de aproveitamentos madeireiros se presentarán ante un único órgano (a Consellería do Medio Rural), fronte á situación anterior, en que podía haber ata cinco solicitudes de autorizacións, sen contar os concellos. Deste xeito, establécese un único procedemento administrativo ante Medio Rural e nos supostos en que é necesaria unha

autorización pásase de seis independentes a unha soa, que se solicita e se concede nesta consellería. A maiores, modifícase o sentido do silencio administrativo, que agora, tras dous meses dende a solicitude de autorización, pasa a ser positivo, agás nos casos en que a lexislación básica aplicable estableza de maneira expresa o contrario.

Todas estas medidas redundarán nunha maior flexibilidade á hora de realizar as cortas, especialmente no que atinxe a especies como os piñeiros e os eucaliptos, para as cales existe unha maior demanda no mercado. Neste sentido, cómpre lembrar que Galicia é a primeira potencia forestal española e a novena rexión europea neste ámbito. Nos últimos anos, de 2015 ata 2018, máis de 287.000 propietarios forestais tramitaron expedientes de corta de madeira, o que supón máis de 85.500 expedientes de corta ao ano. O volume medio anual de corta é de preto de 8,1 millóns de metros cúbicos, cun valor estimado de 280 millóns de euros.

Tendo en conta estas magnitudes, a Xunta vén desenvolvendo toda unha serie de medidas e un marco legal, que agora se completa e que ten como principal obxectivo potenciar a riqueza económica dos nosos montes, sen mingua da súa protección, dun xeito sustentable. Este compendio normativo abrangue desde a Lei de montes de 2012 ata o presente decreto, pasando pola Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais, que vén de entrar en vigor, no relativo á simplificación administrativa das cortas. Ao tempo, fixéronse outras actuacións, como a recente sinatura dun protocolo de colaboración entre Medio Rural e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil para seguir avanzando na simplificación de cortas nos terreos forestais incluídos nesa bacía fluvial.

O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE A CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUA DA EGAP PARA ESTE ANO

- ***A formación do persoal constitúe un factor clave na reforma e modernización administrativa para acadar unha mellor xestión dos recursos e un aumento da calidade dos servizos públicos***
- ***A EGAP inclúe nesta convocatoria extraordinaria un total de 108 actividades formativas que supoñen un total de 4.788 prazas, que se suman aos cursos previstos no Plan de formación inicial aprobado cun total de 615 edicións e 29.772 prazas de formación continua previstas para 2018***

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a convocatoria extraordinaria de actividades de formación continua da Escola Galega de Administración Pública, segundo estaba xa previsto na programación anual do organismo anunciada no seu Consello Reitor. Esta convocatoria inclúe, principalmente, aquelas actividades que acadaron un maior número de solicitudes nos cursos impartidos, o que facilita que se poida axustar máis a oferta das súas actividades á demanda real ao permitir coñecer con exactitude cales son os cursos que presentan un maior interese para os seus destinatarios cun carácter máis inmediato.

A EGAP inclúe nesta convocatoria extraordinaria un total de 108 actividades formativas que supoñen un total de 4.788 prazas. Estas cifras súmanse aos cursos previstos no Plan de formación, acadando así un total de 615 edicións e 29.772 prazas de formación continua previstas para 2018.

A formación do persoal empregado público constitúe un factor clave para levar a cabo o actual proceso de reforma e modernización administrativa, co cal se pretende acadar unha mellor xestión dos recursos, o aumento da calidade dos servizos públicos e unha adaptación e innovación continua da Administración. Desde esta premisa, a EGAP programa anualmente unha formación específica coa finalidade de mellorar a súa cualificación e capacitación profesional.

No ano 2018 a EGAP ofrece, polo tanto, unha programación adicional e isto constitúe unha novidade na planificación que a Escola vén realizando das súas actividades, o que supón, entre outras cousas, un uso máis eficiente dos recursos públicos. A convocatoria extraordinaria reflicte a consecución deste fin pois está integrada fundamentalmente por aquelas actividades incluídas na convocatoria ordinaria que rexistraron un maior número de solicitudes no que vai de ano. Deste xeito, ao seren convocadas agora novas edicións destas actividades, posibilitase que aqueles empregados públicos que non conseguiron unha praza na primeira convocatoria poidan acceder a elas ao longo deste ano 2018.

Polo tanto, con esta convocatoria refórzase a oferta de formación en áreas clave e, neste sentido, debe resaltarse o peso que adquiren nela os cursos que xiran arredor da nova lexislación administrativa básica para o sector público, posto que a súa importancia fai imprescindible que todos os empregados públicos poidan formarse neste eido.